

Volta definitiva de Manolo Rodríguez a Paradela, 29-4-95

Sabendo que nos escoita, que está connosco, estas son palabras de amigo - no nome dos amigos - para Manolo.

Cinco anos despois do teu pasamento, Manolo Rodríguez, por fin, a volta á terra. Foi premonición o título daquel teu libro de narracións "Reencontro coa aldea", na que o emigrante siquera temporalmente volve da grande cidade á terra que o viu nacer.

Neste caso, Manolo Rodríguez, por fin estás en Paradela, esa patria dos teus anteriores cantada nos teus poemas; tan vivida desde lonxe; tan querida desde sempre.

O ser humano anceia sempre trascender, deixar memoria de si; que as cousas que fixo ou as xentes que tratou, garden lembranza do ser ou do estar, do seu paso polo mundo. Eu non sei se polo teu maxín xeneroso e desprendido pasou, algunha vez, a idea de que "o día de mañán" alguén se lembrase de ti. Porque os que verdadeiramente o merecen son os que menos se preocupan polo que dirán deles cando xa non estean presentes.

Cinco anos despois do teu pasamento, -o dia de mañán para aquel teu onte-, sigues vivo coma sempre na lembranza de todos nós.

Sigues máis vivo que nunca na lembranza de Irene, a túa dona. Ela así o proclamaba onte de noite, nunha comparecencia pública, e despois de dicir eso nin ela puido seguir falando nin eu puiden seguir preguntando. Sigues máis vivo que nunca na vida dos teus fillos Enrique e Santy, que manteñen acceso ese facho, esa presencia, para que ninguén poida esquecerse de ti. O voceiro da familia, o teu fillo Santiago, ben se encarga de proclamar sen dicir nada que o seu pai - o noso amigo - segue sendo alguén neste mundo dos vivos.

E, o que é máis difícil para calquera persoa, sigues vivo para a túa xente de Paradela. Porque non é que foses profeta na túa terra, que non che facía falla: É que te recoñeceron sempre,

aínda estando fóra - precisamente polo teu traballo estando fóra - como un deles; o primeiro entre eles; como un home xeneroso e bó que nunca, nunca, esqueceu as súas raíces.

Cando de súpeto nos deixaches, hai agora cinco anos, asistimos ó teu enterro en terras do Páramo, terras tamén queridas, tamén estudiadas, tamén loubadas por tí... Pero ti querías vivir para sempre en Paradela.

As xentes de Paradela así o entenderon e elas, co seu alcalde Xosé Manuel Mato ó frente, chamàronte para a súa beira, para que sigas a vivir entre eles.

Porque esto é vivir, Manolo. Non morre quen deixa detrás de sí unha viuva que cinco anos despois se confesa namorada e cada día más vencellada á túa persoa.

Non morre quen deixa uns fillos que teñen como primeira meta vital honra-la memoria do Pai-amigo que se foi.

Non morre quen ten amigos que lembran que por riba de todo Manolo foi un bo home, boa persoa, desprendido, xeneroso... e - por se fose pouco - escritor comprometido, honrado e sincero.

Non morre o que consigue - quen dixo que só o Cid Campeador gañou batallas despois de morto - que as súas xentes, as xentes de Paradela, o teñan presente, o honren, o agasallen, o acompañen.

Benvido á túa casa, benquerido Manuel Rodríguez López. Neste caso non hai que dicir eso de ¡Por moitos anos!. Benvido á túa casa, para sempre. Agora sí que podes Descansar en Paz, no colo da Nai Terra; agora estarás por sempre, como ti quixeches, no colo de túa Nai.

Unha aperta de tódolos teus amigos, queridísimo amigo Manolo Rodríguez López, por siempre MANOLO RODRIGUEZ DE PARADELA.